



# PREINSCRICIÓN E MATRÍCULA NAS UNIVERSIDADES PÚBLICAS GALEGAS



## CALENDARIO ACCESO 2024 (Resume provisorio)

Preinscripción para o acceso e Matrícula	
Preinscripción anticipada (persoas tituladas de anos anteriores e estudantado con Bacharelato ou FP superado en anos anteriores e que non se examinaron en 2024)	12 xuño - 1 xullo (ata ás 14:00h.)
Preinscripción da Convocatoria Ordinaria (todas as cotas, agás persoas tituladas)	19 xuño - 1 xullo (ata ás 14:00h.)
Prazo límite para que o estudantado poidan comunicar erros na gravación de datos (especialmente os erros nas cualificacións)	4 de xullo (ata ás 14:00h.)
Preinscripción para persoas tituladas (tituladas en cursos anteriores ou no actual)	14 a 26 xullo (ata ás 14:00h.)
Preinscripción da Convocatoria Extraordinaria (persoas que non solicitaron na ordinaria)	17 a 22 xullo (ata ás 14:00h)
Solicitud de Admisión (Prescripción) para alumnado que realizou as ABAU, en setembro, fóra da C.A. de Galicia. Será convocado do 2 ao 5 de outubro.	23 a 27 setembro (ata ás 14:00h.)

## EN QUE PRAZO TEÑO QUE FACER A PREINSCRICIÓN SE APROBEI A ABAU NO 2024?

Se aprovaches na **convocatoria ordinaria** tes que facer a preinscripción no prazo da Convocatoria Ordinaria, que vai do 19 de xuño ao 1 de xullo (ata as 14 horas).

Se superaches a **ABAU na extraordinaria** debes facela do 17 ao 22 de xullo (ata as 14:00). **Olo!** Se aprovaches na ordinaria, pero decidiches ir á extraordinaria a subir nota, tes que facer a preinscripción do 17 ao 22 de xullo. Se facedes a solicitude na ordinaria non poderdes facer unha nova na extraordinaria.

Revisa na **convocatoria** os distintos tipos de preinscripción e quen pode solicitalas.





## PROCEDIMIENTO DE PREINSCRICIÓN

O estudiantado da convocatoria ordinaria e extraordinaria, realizaredes os trámites a través da aplicación informática NERTA ([www.edu.xunta.es/nerta/alumnado](http://www.edu.xunta.es/nerta/alumnado)), aberta ata as 14:00 horas do último día de cada un dos prazos sinalados. Poderedes modificar as titulacións solicitadas e o orde de solicitude mentres non finalice o prazo de preinscrición.

Unha vez que finalice o prazo de solicitude, debedes revisar os vosos datos e cualificacións en Nerta e, se teñen mal gravado algún dato, tedes 3 días naturais de prazo para comunicar a través do formulario que figurará na páxina Web da CiUG. Finalizado este proceso non se admitirán reclamacións posteriores. Se, como consecuencia de procesos de reclamación, cambiase algunha das vosas cualificacións con posterioridade, teredes un prazo adicional de 3 días naturais para comunicalo.

A través de Nerta tedes que indicar a relación priorizada de titulacións que queredes estudar. Poderedes indicar, por orde de preferencia, ata cinco ensinanzas universitarias diferentes, cun máximo de dez peticións no caso de ensinanzas universitarias oficiais de grao impartidas en máis dun centro.

Quedaredes vinculados/as pola orde de preferencia que establezades na vosa solicitude. É fundamental a orde de preferencia, posto que seredes admitidos/as nunha única titulación, que será aquela de maior preferencia na que acadedes a nota do último alumno admitido. As titulacións solicitadas en menor preferencia a aquela na que resultedes admitidos/as quedarán liberadas e eliminaranse automaticamente da lista de espera.





Na convocatoria extraordinaria non se ofertarán as titulacións que teñan todas as prazas esgotadas pola matrícula da convocatoria ordinaria, ou aquelas nas que a CiUG, a vista da lista de espera, estimase que se esgotarán todas as prazas con solicitantes da convocatoria ordinaria.

O alumnado solicitante da cota xeral que reúnan os requisitos para solicitar praza pola cota de Discapacitados ou Deportistas, poderán facer uso de dita posibilidade.

## PROCEDEMENTO DE ADMISIÓN

A CiUG asignará as prazas ofertadas en cada ensinanza universitaria oficial de grao en cada unha das convocatorias e prazos de matrícula que se establezan. **IMPORTANT!** **Debes consultar a vosa situación na aplicación informática Nerta cada vez que se produza un chamamento.**

A cada estudante asignaráselle a ensinanza universitaria de maior preferencia que lle corresponda en función da cota pola cal se solicita o acceso e tendo en conta, en todo caso, a orde de prelación, os criterios de valoración e a preferencia para a adxudicación de prazas establecidos.

Chamamentos de Matrícula nas Universidades do SUG 2024				
Convocatoria	Prazo	Data listaxe	Datas de Matrícula	Mes
Ordinaria	1º	9	10 - 11	Xullo
	2º	15	16 - 17	
	3º	19	20 - 22	
Ordinaria - Extraordinaria	4º	24	25 - 26	Setembro
	5º	29	30 - 31	
	6º	3	4 - 5	
Convocatorias por Vacantes ( <b>datos orientativos</b> )	7º	10	11 - 12	Setembro
	8º	24	25 - 26	
	9º	11	12 - 14	Outubro

**CONVOCATORIA POR VACANTES (15 xullo a 15 de outubro):**  
No caso de que se produzan vacantes en titulacións xa pechadas convocarase ao estudantado que lle corresponda, aínda que xa estean matriculados noutra titulación, para matricularse nos prazos de matrícula ordinarios (2ª, 3ª, 4ª, 5ª e 6ª) ou nas convocatorias específicas (7ª, 8ª, 9ª, ....).





## PROCEDIMENTO DE ADMISIÓN

En cada chamamento, poderedes ver a vosa situación en cada unha das titulacións solicitadas: “Pechada”, “En espera”, “Convocado”, “Liberado”.

Nas titulacións que figuran como “**Pechadas**” as prazas están cubertas con estudantes que teñen nota superior.

Nas titulacións que figuran como “**En espera**”, o estudantado xa convocado é suficiente para cubrir todas as prazas existentes, pero pode que non todas as persoas convocadas se matriculen e, nese caso, poden quedar prazas vacantes polo que a persoa solicitante pode ser convocada nun chamamento posterior.

Na titulación que figura como “**Convocado**” poderedes matricularvos.

As titulacións que figuran como “**Liberado**” é debido a que estades “Convocados/as” nunha titulación con maior preferencia e polo tanto quedan liberadas (anuladas da vosa solicitude) as titulacións que solicitastes con menor preferencia.

Neste [vídeo](#) da USC atoparás información sobre o procedemento de preinscrición e matrícula [nas universidades públicas galegas](#):

<https://www.youtube.com/watch?v=n1NKM1CkHIE&t=915s>





# PROCEDIMIENTO DE ADMISIÓN

## DÚBIDAS



Consulta na web da CIUG as preguntas máis frecuentes do proceso de admisión e matrícula.

<https://ciug.gal/gal/faq-acceso>

## **QUE PASA SE NON APARECEDES COMO CONVOCADOS/AS EN NINGUNHA TITULACIÓN?**

Debedes “marcar”, a través da propia aplicación informática NERTA, aquelas titulacións nas que seguides tendo interese en “Continuar na lista de espera”.

## **QUE FACER SE APARECEDES CONVOCADOS/AS NUNHA TITULACIÓN E ESTADES “EN ESPERA” DOUTRAS CON MAIOR PREFERENCIA?**

Tedes dúas opcións:

a) Se desexades continuar na lista de espera dalgunha/s desas titulacións non debedes matricularvos e tedes que confirmar, na propia aplicación informática NERTA, “Continuar na lista de espera” nesa/s titulacións.

b) Matricularvos nesa titulación na que figurades convocados/as. Neste caso entenderase que xa non tedes interese en ningunha das que figura “En espera”.

Se non vos matriculades nin confirmades “Continuar na lista de espera” nalgunha titulación das que figurabades “En espera”, entenderase que xa non tedes interese en matricularvos nesa titulación na que figurades convocados/as nin en ningunha das que figurades “En espera” e decaeredes nos vosos dereitos.





## PROCEDIMENTO DE ADMISIÓN

Podedes marcar “Continuar na lista de espera” das titulacións xa “Pechadas” nas que sigades tendo interese.

### **QUE FACER SE ESTADES CONVOCADOS/AS NUNHA TITULACIÓN E NO RESTO, DE MAIOR PREFERENCIA, FIGURAN COMO PECHADAS?**

Tedes que matricularvos nesa titulación. Se non vos matriculades, entenderase que xa non tedes interese en matricularvos nesa titulación e decaeredes nos vosos dereitos.

Ao mesmo tempo que vos matriculades podedes marcar “Continuar na lista de espera” das titulacións xa “Pechadas” nas que sigades tendo interese. Así, no caso de producirse anulacións na titulación pechada, poderedes optar ás prazas que queden libres.

### **PODEDES ACABAR ENTRANDO NUNHA TITULACIÓN QUE FIGURA COMO PECHADA?**

Si, pero tedes que marcar que queredes continuar na lista de espera. No momento en que pecha unha titulación, a aplicación informática Nerta xera unha lista de espera con todo o estudiantado que estaba na lista de espera desa titulación e volve a marcar “Continuar na lista de espera”. Poderedes consultar en calquera momento a vosa situación na aplicación informática NERTA. En calquera momento do proceso a CiUG pode solicitarvos, se estades na lista de espera dunha titulación xa pechada, que confirmedes mediante procedementos electrónicos (correo electrónico, formulario, etc.) que, no caso de que se produzan prazas vacantes, seguides interesados/as en continuar na lista de espera.





## PROCEDIMIENTO DE ADMISIÓN

Para esta confirmación establecerase un prazo mínimo de 48h. No caso en que se produzan vacantes nunha titulación xa pechada a CiUG convocará as persoas da lista de espera para cubrir ditas vacantes en calquera dos prazos de matrícula ordinarios (2ª, 3ª, 4º, 5º e 6º) ou nas convocatorias específicas (7ª, 8º, 9º, ...). Se sodes convocados/as recibiredes unha mensaxe de correo electrónico á que debedes responder aceptando a praza no prazo de 48 horas. Se non respondedes á mensaxe, entenderase que xa non tedes interese na praza polo que decaeredes nos vosos dereitos e procederase á convocar ó seguinte da lista de espera. Este procedemento finalizará o martes 15 de outubro.

### PÓDESE RECLAMAR A ASIGNACIÓN DE PRAZAS?

Si, no prazo de tres días hábiles seguintes á publicación da listaxe correspondente. A reclamación, deberase facer a través do formulario que figurará na páxina Web da CiUG: <https://ciug.gal/gal/admision-sug> A CiUG valorará a solicitude e se o considera necesario poderá solicitar documentación complementaria para a axeitada valoración da mesma. Non se admitirán reclamacións relacionadas con notas mal gravadas que non fosen comunicadas a través do formulario dispoñible na páxina Web da CiUG ata o 4 de xullo ou nos tres días posteriores ao cambio de nota. Con carácter xeral, o resultado da reclamación considérase comunicado ao interesado ou interesada a través das listaxes de asignación de prazas e indicarse, se é o caso, o prazo para matricularse. Contra a resolución poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante a propia CiUG, que porá fin á vía administrativa.





## PROCEDIMIENTO DE ADMISIÓN

### QUE CRITERIOS SE EMPREGAN PARA ASIGNAR PRAZAS NOS DOBRES GRAOS?

É necesario que a nota de admisión dos admitidos sexa superior á do/a último/a estudante matriculado/a en cada un dos graos correspondentes (notas de corte deses graos). Dado que estas notas non se coñecen ata que “pechan” eses graos, no caso de alumnos admitidos nunha simultaneidade de estudos con nota de acceso inferior a nota de corte de algún dos graos da simultaneidade, seralle anulada a matrícula no dobre grao e asignaráselle a titulación que lle corresponda en función da súa cualificación, aínda que esta xa estivera pechada.

### COMO DEBE MATRICULARSE O ALUMNADO ADMITIDO NO GRAO EN XESTIÓN DE EMPRESAS HOSTALEIRAS?

Deberá formalizar a súa matrícula no prazo estipulado, primeiro na Universidade de Santiago de Compostela (USC) e a continuación no Centro Superior de Hostalaría de Galicia (CSHG), adscrito á USC. Para realizar a matrícula no CSHG deberá acceder a través da seguinte ligazón: <https://www.cshg.gal/gl/requisitos-e-matricula>







## PROCEDIMIENTO DE MATRÍCULA

**CÓMPRE REALIZAR A MATRÍCULA DESDE UN ORDENADOR. NON É POSIBLE MATRICULARSE EMPREGANDO UN MÓBIL.**

### **MATRÍCULA NA UDC:**

<https://matricula.udc.es/matriculaprimeiro/Login.asp>

### **MATRÍCULA NA USC:**

<https://www.usc.gal/gl/admision/gaos/matricula>

### **MATRÍCULA NA UVIGO:**

<https://sigma.uvigo.gal/cosmos/Controlador?apl=Uninavs&gu=a&idNav=inicio&NuevaSesionUsuario=true&NombreUsuarioAlumno=ALUMNO2&destino=VIG>

### **UNIVERSIDADES PÚBLICAS DE FÓRA DE GALICIA:**

Revisar procedemento e calendario de preinscripción e matrícula nas páxinas web da universidade:

Universidade de Alcalá: <http://www.uah.es>

Universidade de Alicante: <http://www.ua.es>

Universidade de Almería: <http://www.ualm.es>

Universidade Autónoma de Barcelona: <http://www.uab.es>

([preinscripción](#))

Universidade Autónoma de Madrid: <http://www.uam.es>

Universidade de Barcelona: <http://www.ub.es> ([Preinscripción](#))

Universidade de Burgos: <http://www.ubu.es>

Universidade de Cádiz: <http://www.uca.es>

Universidade de Cantabria: <http://www.unican.es>

Universidade Carlos III de Madrid: <http://www.uc3m.es>

Universidade de Castela-A Mancha: <http://www.uclm.es>

Universidade Complutense de Madrid: <http://www.ucm.es>





# PROCEDIMENTO DE MATRÍCULA

## UNIVERSIDADES PÚBLICAS DE FÓRA DE GALICIA:

Revisar procedemento e calendario de preinscripción e matrícula nas páxinas web da universidade:

Universidade de Córdoba: <http://www.uco.es>

Universidade de Estremadura: <http://www.unex.es>

Universidade de Granada: <http://www.ugr.es>

Universidade de Huelva: <http://www.uhu.es>

Universidade das Illas Baleares: <http://www.uib.es>

Universidade Jaume I de Castellón: <http://www.uji.es>

Universidade da Laguna: <http://www.ull.es>

Universidade de León: <http://www.unileon.es>

Universidade de Lleida: <http://www.udl.es>

Universidade de Málaga: <http://www.uma.es>

Universidade Miguel Hernández de Elxe: <http://www.umh.es>

Universidade de Murcia: <http://www.um.es>

Universidade de Oviedo: <http://www.uniovi.es>

Universidade Pablo de Olavide: <http://www.upo.es>

Universidade do País Vasco/Euskal Herriko Unibertsitatea:

<http://www.ehu.es>

Universidade das Palmas de Gran Canaria: <http://www.ulpgc.es>

Universidade Politécnica de Cartaxena: <http://www.upct.es>

Universidade Politécnica de Cataluña: <http://www.upc.es>

Universidade Politécnica de Madrid: <http://www.upm.es>

Universidade Politécnica de Valencia: <http://www.upv.es>

Universidade Pompeu Fabra: <http://www.upf.es>

Universidade Pública de Navarra: <http://www.unavarra.es>

Universidade Rei Juan Carlos: <http://www.urjc.es>





# PROCEDIMENTO DE MATRÍCULA

## UNIVERSIDADES PÚBLICAS DE FÓRA DE GALICIA:

Revisar procedemento e calendario de preinscripción e matrícula nas páxinas web da universidade:

Universidade da Rioxa: <http://www.unirioja.es>

Universidade Rovira i Virgili: <http://www.urv.es>

Universidade de Salamanca: <http://www.usal.es>

Universidade de Sevilla: <http://www.us.es>

Universidade de Valencia (Estudi General): <http://www.uv.es>

Universidade de Valladolid: <http://www.uva.es>

Universidade de Xaén: <http://www.ujaen.es>

Universidade de Xirona: <http://www.udg.edu>

Universidade de Zaragoza: <http://www.unizar.es>

**REVIS A CONVOCATORIA , A WEB DA CIUG E DAS  
UNIVERSIDADES OU CONSULTA AO DEPARTAMENTO DE  
ORIENTACIÓN PARA MÁIS INFORMACIÓN.**

**ESTE DOCUMENTO ESTÁ ORIENTADO AO ALUMNADO QUE  
CURSOU O BACH E SUPEROU A ABAU NESTE CURSO. NO CASO  
DE QUERER CURSAR ESTUDOS UNIVERSITARIOS CON  
TITULACIÓNS ANTERIORES OU ESTUDOS DE FP, CONSULTA CO  
DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.**

